

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA-URXENTE DA XUNTA DE
GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 22 DE MARZO DE 2013.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS E QUINCE MINUTOS** do venres día **VINTEDOUS DE MARZO DE DOUS MIL TRECE**, baixo a Presidencia da Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión **extraordinaria e urxente** (convocada verbalmente pola Alcaldesa e comunicada á secretaria xeral as catorce horas do mesmo día), coa asistencia do tenente de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e os concelleiros **D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ, D^o KLAUS BREY MONTAÑA e D^a DOLORES GARCÍA TROITIÑO** a Interventora Municipal **ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da secretaria xeral do concello **CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

A Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve así :

1º.-RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA

En primeiro lugar, segundo o artigo 79 e 113 do RD 2568/1986 , regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais, a Alcaldesa somete a votación a **urxencia da convocatoria da sesión, que resulta aprobada por unanimidade dos presentes.**

ORDE DO DÍA.- Non hai

2º.- ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:

A Alcaldesa dí aprobar a urxencia de tódolos asuntos que van a tratar fora da orde do día.

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que declaran urxentes. Pásase a tratar o asunto:

- 1.- EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE COMUNICACIÓN DE ALTA NO SAF NO CORRESPONDENTE PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA, SOLICITADO POR ISMAEL ANTONIO LÓPEZ AYUDE.**



Dase conta do informe social elaborado por María del Carmen Carballo Silva, Traballadora Social do Concello, de data 21 de marzo de 2013, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:

Nome a Apelido	Enderezo
Ismael Antonio López Ayude	Arcos, 18 - Grava - Silleda

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** a alta no SAF na modalidade de dependencia de Ismael Antonio López Ayude nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 21 de marzo de 2013.

2.- LICENCIAS DE ACTIVIDADE:

2.1.- Licencia de Actividade: Distribuidora Internacional de Alimentación, S.A. (DIA, S.A.)

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:

Visto o expediente instruído a instancia de D^a María Jesús García Suárez, en representación de DISTRIBUIDORA INTERNACIONAL DE ALIMENTACIÓN, S.A., solicitando Licencia para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a supermercado de alimentación, a situar na rúa Venezuela, nº 18 (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 31 de maio de 2012 **acorda**:

"6.1.- Licencia de obra e provisional de actividade de Distribuidora Internacional de Alimentación, S.L.

*De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:*


Visto o expediente instruído a instancia de D^a María Jesús García Suárez, en representación de DISTRIBUIDORA INTERNACIONAL DE ALIMENTACIÓN, S.A., mediante escrito de data 28 de febreiro de 2012 (Rexistro de Entrada nº 88 de data 28.02.12), solicitando Licencia de obra e provisional de actividade para acondicionamento para supermercado de alimentación, a situar na rúa Venezuela, nº 18 (Silleda), segundo proxecto de data febreiro de 2012, do Enxeñeiro Industrial

Dº Arturo A. Carrasco Iturra, visado polo Colexio Oficial en data 15 de febreiro de 2012, nº CO12R009

RESULTANDO: Que con data 06 de marzo de 2012, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 06 de marzo de 2012.

RESULTANDO: Que con data 06 de marzo de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe técnico favorable no que se sinala:

<i>Solicitante</i>	<i>María Jesús García Suárez, en representación de Distribuidora Internacional de Alimentación, S.A.</i>		
<i>Data da rexistro</i>	<i>28/2/2012</i>	<i>Nº 887</i>	<i>Data escrito 28/2/2012</i>
<i>Obra</i>	<i>Acondicionamento para supermercado de alimentación</i>		
<i>Tipo de obra</i>	<i>Maior</i>		
<i>Emprazamento</i>	<i>r/ Venezuela, nº 18, Silleda</i>		
<i>Referencia Catastral</i>	<i>2080038NH6228S0006ZQ</i>		
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>Artura A. Carrasco Iturra, Enxeñeiro Industrial, col. 2510</i>		
<i>Proxecto</i>	<i>Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial o día 15/02/2012, nº CO12R009</i>		
<i>Dirección de Obra</i>	<i>n/d</i>		
<i>Oficio de Dirección</i>	<i>n/d</i>		
<i>Dirección de Execución</i>	<i>n/d</i>		
<i>Oficio Direc. Execución</i>	<i>n/d</i>		
<i>Exposición pública</i>	<i>BOP</i>	<i>Si</i>	
	<i>DOGA</i>	<i>Si</i>	
	<i>Prensa</i>	<i>Non</i>	
<i>Orzamento (P.E.M.)</i>	<i>80.570,51 €</i>		



NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.
- 1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002
- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 1.13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

1.15 Planeamento do Concello de Silleda

- 1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991
 - 1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995
 - 1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995
 - 1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002
 - 1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981
 - 1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2002
 - 1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984
 - 1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984
 - 1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. o 26/01/1984
- 1.16 Concordantes

ANTECEDENTES:



1. O día 28 de febreiro de 2012 dona María Jesús García Suárez, en representación de Distribuidora Internacional de Alimentación, S.A., presenta solicitude de licenza de obra e provisional de actividade para supermercado de alimentación en r/ Venezuela, nº 18, Silleda. Aporta dúas copias de proxecto técnico asinado por D. Arturo Alejandro Carrasco Insua, visado polo Colexio Oficial correspondente o día 15/02/2012, có nº CO 12R009.

INFORME TÉCNICO:

2. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, Aprob. def. o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo Urbano**. Ordenanza: **E.C. Ediciación Cerrada**.

3. A parcela conta con acceso rodado e tódolos servizos urbáns, por tanto, cumpre coa condición de soar que establece o art. 16 LOUGA.

4. O uso que se pretende, segundo se desprende na memoria, é o seguinte:
"En la presente documentación se describen las instalaciones generales de un supermercado".

5. Consonte ao Plan Xeral vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido como **comercial**: "ART. 118.- DEFINICION: 1.- Se define como Uso Comercial el correspondiente a edificios de servicio directo al público destinados a la compra-venta o permuta de mercancías de todas clases, incluido el almacenamiento de las mismas (...). O ART. 119.- CLASIFICACIÓN, define este uso solicitado no grao 3º: "3º.- Locales comerciales en semisótanos, planta baja y/o primera". O artigo 18 do PXOM establece como uso admitido para este ámbito o "Comercial: Todos los grados". Por tanto, **este uso do solo é admitido neste ámbito segundo o PXOM vixente, segundo o art. 18 do mesmo**.

6. Canto á tramitación ambiental, o Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, figuran no **Anexo III, "Actividades excluidas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental"** no punto 3 e 3.1 que se transcriben: "Comercio polo miúdo, excepto o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e aparellos domésticos, sempre que a potencia mecánica instalada non supere os 15 KW e a súa superficie non supere os 400 m²: (...) 3.1 Comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados".

6.1 Neste caso, visto o proxecto técnico, na páxina 4 da memoria, indícase que a potencia que se instalará será de 121,5 KW. No páxina 91 do mesmo documento, discrimínase en: Alumbrado: 14725 W., Forza 148300 W e

Potencia Máxima Admisible, 138.560 W

6.2 Por outra banda, a superficie do local comercial sinalado en planos é de 603,2 m² (Plano nº 3 "Instalaciones proyectadas: Acotaciones y superficies", das que a zona de ventas representa 450 m².

6.3 Por todo elo, o técnico que suscribe considera que este proxecto debería estar sometido ao Procedemento de Avaliación Ambiental.

7. O proxecto presentado dá cumprimento á normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se xustifica na memoria do proxecto.

8. O proxecto presentado dá cumprimento ao establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios**, DB-SI, segundo se xustifica na memoria do proxecto.

9. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento dos traballos declarados polo solicitante.

10. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, **propónse dar traslado, previos os trámites oportunos, dunha copia do expediente completo aos seguintes Organismos, a fin de que emitan informe previo á concesión de licencia municipal:**

10.1 Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, a fin de que se proceda a emitir informe de Avaliación de Incidencia Ambiental.

Polo que o técnico que suscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística autonómica e municipal, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, de cara á concesión de licencia municipal de obra e provisional de actividade.

Porén, non poderán iniciarse as obras en tanto non sexa aportado neste Concello o Oficio de Dirección de Obra e Oficio de Dirección Técnica de Obra, asinado por técnico competente e visado, se procede. "

RESULTANDO: Que, consta escrito de data 14 de maio de 2012, (Rexistro de Saida na Xunta de Galicia nº 78557, de data 23 de maio de 2012, (Rexistro de Entrada no Concello nº 2823, de data 28 de maio de 2012), da Xefatura Territorial do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, asinado polo Xefe Territorial, que literalmente di:

"Asunto: dictame de incidencia ambiental ao abeiro do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.



ANTECEDENTES

Con data de 9 de abril de 2012 (IA/57/2012), recíbese do concello de Silleda solicitude de emisión do dictame de incidencia ambiental para a actividade de supermercado de alimentación solicitada por Distribuidora Internacional de alimentación, S,A

O decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental establece que estarán sometidas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental os proxectos, obras ou instalacións, así como o seu traslado ou modificacións substanciais, contemplados no anexo I do Decreto, e que tamén estarán sometidos ao procedemento de avaliación aquelas outras actividades non contempladas en dito anexo que merezan a consideración de molestas, insalubres, nocivas ou perigosas de acordo coas definicións contidas no artigo 13 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, nestas a decisión será motivada e adoptarase acorde cos criterios obxectivos que se determinan no Anexo II do Decreto.

A actividade obxecto do informe está incluída no anexo II do decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

INFORME TÉCNICO

Da análise da documentación presentada, proxecto visado e anexos, e da información dispoñible, e baseándose no artigo 11 do mencionado Decreto 133/2008, este servizo de calidade e avaliación ambiental no ámbito da súas competencias e só a efectos ambientais sen prexuízo doutras autorizacións/permisos/licenzas, nas que o seu outorgamento corresponda a outros organismos/administracións e das competencias a eles atribuídas informa:

a/ descrición da instalación: venda ao detalle de produtos alimenticios e complementarios para a hixiene persoal e limpeza do fogar en réxime de autoservizo ou supermercado.

A actividade desenvolverase no interior dun local e contará coas seguintes zonas diferenciadas: almacén, zona de traballo (vestiarios e servizo do persoal, instalacións de maquinaria e compartimentos de traballo) e zona de vendas (mural de postres e iogures, murais de charcutería murais de polo e carnes, illas para produtos conxelados e punto quente para a elaboración de pan).

Procesos e equipos principais: o supermercado terá diversas seccións, clasificadas por familias de artigos perecedeiros ou estables, aseos e vestiarios e sala de máquinas.

Materias primas utilizadas: ao tratarse dun supermercado non hai procesos produtivos.

Consumos de auga e recursos enerxéticos: según o proxecto.

b/ vertidos e emisións

Emisións á atmósfera: a nave disporá de ventilación forzada de acordo co proxecto presentado. A saída de fumes correspondente ao vapor producido polo fomo (fomo de convección eléctrico) do punto quente, discorrerá ata o cumio do edificio por medio dun tubo de aceiro independente.

Augas residuais das instalacións: tódalas augas residuais rematarán na rede de sumidoiros.

c/ técnicas de minimización na produción de residuos e as medidas relativas a súa xestión

Tódolos residuos xerados pola actividade xestionaranse con xestores autorizados, según a súa tipoloxía de acordo coa normativa vixente. Segregación axeitada dos residuos. Evitar particularmente as mesturas que supoñan un aumento da súa perigosidade ou que dificulten a súa xestión posterior. Almacenamento dos residuos en condicións axeitadas de seguridade, tanto para as persoas como para o medio ambiente.

d/ valores límite de emisión

valores límite do vertido: según proxecto


e/ técnicas de medida, control e avaliación das emisións e vertidos e frecuencia das medicións

Calquera incidencia comunicarase no momento de producirse, aos organismos competentes.

f/ medidas correctoras

Previo á concesión da lise a de actividade definitiva, a empresa contará coas autorizacións sectoriais e rexistros pertinentes. Cumprirá a lexislación ambiental e sectorial aplicable, a normativa de seguridade, a relativa ás medidas de autoprotección e saúde, e a normativa vixente en materia de contaminación acústica.

O Xefe do servizo de calidade e avaliación ambiental



José Luis Rodríguez Fernández

DICTAME AMBIENTAL

Á vista do exposto e unha vez completado o procedemento administrativo previsto nos artigos 10 e 11 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, o xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas e Territorio de Pontevedra emite o dictame de incidencia ambiental nos termos que se recollen no informe técnico elaborado polo servizo de calidade e avaliación ambiental de Pontevedra e relatado anteriormente."

A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da licenza de obra solicitada, e a licenza provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal e o Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza."

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 21 de marzo de 2013, asinada polo Arquitecto Técnico Municipal, José Antonio Presas Ferreiro e o titular da actividade, M^a Jesús García Suárez en representación de DIA, S.A., que literalmente dí:

"ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS

Actividade: "Acondicionamento e apertura de local para dedicado a supermercado de alimentación, na Rúa Venezuela, nº 18 - Silleda."

Calificación: Según dictame da Xefatura Territorial - Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental (registro de entrada no Concello nº 2823 de data 28-maio-2012 a actividade esta incluída no anexo II do decreto 133/2008, 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

Certificación Según CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA do técnico redactor do PROXECTO e director da obra, Don. Arturo A. Carroa Murra, Enxeñeiro Industrial, col.2510, de data 24-Xullo-2012, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia o día 27 de

Xunta de Goberno Local de 22 de Marzo de 2013

Páxina 1 de 1

xullo de 2012, N° CO12R039, e con ENTRADA no Concello de SILLEDA:

Data: 27-Xullo-2012

Núm. de rexistro: 4024

Titular da actividade: DISTRIBUIDORA INTERNACIONAL DE ALIMENTACIÓN S.A., (D.I.A. S.A.), na súa representación, Dona M^a Jesús García Suárez.

No termo municipal de SILLEDA, persónase ás 12:45 horas do día 01 de Marzo do ano 2013, o Arquitecto Técnico Municipal, Don. José Antonio Presas Ferreiro, na Rúa Venezuela, n° 18 - Silleda, en presenza de Dona M^a Jesús García Suárez, con D.N.I. 33.300.606-X, e efectúa a visita de comprobación demandada pola interesada en data 27-Xullo-2012 e referida á licencia municipal según COMISIÓN DE GOBERNO do día 31-maio-2012.

Procedese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, constando CERTIFICACIÓN DE FINALIZACIÓN DE OBRAS, visado (N° CO12R039) e CERTIFICACIÓN DE MEDICIÓN DE AISLAMIENTO DO LOCAL - pola empresa Corporación Hispánica Medioambiental S.L., cumprindo así co Real Decreto 1367/2007, do 19 de Outubro polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruido, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.


A continuación examínase si se adoptaron todas as medidas correctoras impostas na licencia e constátanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.

De todo isto resulta que **SI** pode iniciarse a actividade de "Acondicionamento e apertura de local para dedicalo a supermercado de alimentación, na Rúa Venezuela, n° 18 - Silleda".

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación e o acordo da Xunta de Goberno Local do 31 de maio de 2012 **acorda: a concesión de licencia de actividade definitiva** a DISTRIBUIDORA INTERNACIONAL DE ALIMENTACIÓN, S.A. (DIA, S.A.), para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a supermercado de alimentación, a situar na rúa Venezuela, n° 18 (Silleda).

2.2.- Licencia de Actividade: Gonzalo Rivas Pardo.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de





xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes
acorda:

Licencia Nº 2841/08. Visto o expediente instruído a instancia de GONZALO RIVAS PARDO, solicitando Licencia para apertura de local para dedicalo a axencia de seguros, a situar na rúa Estrada da Estación, nº 24 baixo (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 07 de novembro de 2008 acorda:

"4.2.2.- Licencia Nº 2841/08. Visto o expediente instruído a instancia de Dº GONZALO RIVAS PARDO, solicitando Licencia para apertura de local para dedicalo a axencia de seguros, a situar na rúa Estrada da Estación, nº 24 baixo (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 27 de outubro de 2008, (Rexistro de Entrada nº 5622 de data 31.10.08) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, s.c.d., produción de ruidos, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.*
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.*
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.*
- d) Previa a concesión da licenza de actividade definitiva, a empresa contará coas autorizacións sectoriais e rexistros pertinentes. A traballar coas portas e fiestras pechadas. Tódolos residuos xerados pola actividade se xestionarán con xestores autorizados, segundo a súa tipoloxía, e de acordo coa normativa vixente. Cumprimento da normativa vixente en materia de contaminación acústica, e en particular a ordenanza de ruidos do concello.*

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescripcions legais.

Esta Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda a concesión da

licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal."

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 21 de marzo de 2013, asinada polo Arquitecto Técnico Municipal, José Antonio Presas Ferreiro e o titular da actividade, Gonzalo Rivas Pardo, que literalmente di:

"ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS"

Actividade: "Apertura de local para dedica lo a axencia de seguros na rúa Estrada da Estación, nº 24, baixo (Silleda)".

Calificación: Segundo escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (rexistro de entrada nº 5622 de data 31 de outubro de 2008) a actividade califícase como MOLESTA, S.C.D., PRODUCCIÓN DE RUIDOS..

Certificación Consta CERTIFICADO FINAL DA DIRECCIÓN DE OBRA do técnico redactor do proxecto e director da obra don José Pereiras Sánchez, arquitecto técnico, de data 10 de febreiro de 2009, e con ENTRADA: Concello de SILLEDA:

Data: 27 de febreiro de 2009

Núm. de rexistro: 929

Titular da actividade: Don GONZALO RIVAS PARDO.

No termo municipal de SILLEDA, localidade de Silleda, na rúa Estrada da Estación, nº 24, baixo (Silleda), persónase ás 12:00 horas do día 12 de marzo de 2013, o Técnico don José Antonio Presas Ferreiro, Arquitecto Técnico Municipal, atopándose nese lugar en presenza de don Gonzalo Rivas Pardo, provisto do D.N.I. nº 52.482.483-W, e efectúan a visita de comprobación demandada polo interesado en data 27 de febreiro de 2009 e referida á licencia municipal número 2841/08 de data según acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello do día 7 de novembro de 2008.



de 2008.

Procédese, en primeiro lugar, a comprobar si o emprazamento se axusta ao proxecto aprobado, constando Certificado Final da Dirección de Obra refrexado anteriormente.

A continuación examínase si se adoptaron tódalas medidas correctoras impostas na licenza e constátase visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.

De todo isto resulta que si pode iniciarse a actividade de "apertura de local para dedicalo a axencia de seguros na rúa Estrada da Estación, nº 24, baixo (Silleda)".

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación e o acordo da Xunta de Goberno Local do 31 de maio de 2012 acorda: a concesión de licenza de actividade definitiva a GONZALO RIVAS PARDO, para apertura de local para dedica lo a axencia de seguros na rúa Estrada da Estación, nº 24, baixo (Silleda).

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AS ALEGACIÓN PRESENTADAS POR RAMÓN RODRÍGUEZ ESPÍÑO CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 14 DE XANEIRO DE 2013.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes APROBA ESTE ACORDO:

Visto o expediente que consta na sesión .

Visto o informe nº 286/12 da Policía Local (axente 265003) de data 18 de xullo de 2012 : "Asunto : Obra sin licencia en Alfonsiños, Cervaña".

Visto o informe técnico do arquitecto asesor do concello Lino Doporto Framil de data 09 de agosto de 2012. "En resposta ó requerimento da Alcaldía do Concello de Silleda, de día 19 de xullo de 2012 relativo ás obras efectuadas no lugar de Alfonsiños, Parroquia de Cervaña, do que consta informe da Policía Local Ref. Nº 286/12 , polo que se solicita por parte dos servizos técnicos de Urbanismo que se pronuncien sobre o seguinte : "Solicito informe sobre se esta obra pode ser legalizable "(.....)informando que "As obras que se están executando, aparentemente

Xunta de Goberno Local de 22 de Marzo de 2013

de colocación duns tubos de formigón e dúas columnas co obxecto de facer unha entrada na finca , non son compatibles co planeamento vixente (.....).

Visto informe xurídico da secretaria xeral do concello de data 10 de outubro de 2012 (rex entr 10-10-2012, nº 5335), que no referido a este asunto indica :

“ (..)

2.- Por Providencia de la Alcaldesa de fecha 25 de septiembre de 2012 dirigida a esta secretaria (recibida ese mismo día) se ordena incluir en el orden del día de la sesión de la Junta de Gobierno Local de 11 de octubre de 2012 una propuesta de la alcaldesa sobre **obra realizada en Alfonsiños, nº 2 (Cervaña)** y que se informe por esta secretaria si la propuesta de la Alcaldesa a la Junta de Gobierno Local es correcta o si procede hacer las correcciones que considerara oportunas sobre este expediente.

Esta secretaria, a la vista de lo que se le plantea informa : consta en el expediente entregado de Ramón Rodríguez Espiño informe de la Policía Local 286/12 de 18 de julio de 2012, informe técnico del arquitecto asesor (servicios) del ayuntamiento Lino Doporto Framil de 09 de agosto de 2012, informe jurídico de la asesora jurídica (servicios) del ayuntamiento Carmen González Gómez de 29 de agosto de 2012.

Esta secretaria no estima necesario informar otra cosa considerando y a la vista de los informes obrantes en el expediente, no obstante el informe jurídico citado es genérico “Informe jurídico sobre el procedimiento a seguir en caso de obras sin licencia o sin ajustarse a la licencia concedida” , debería identificar los datos del asunto concreto y la propuesta que está informando.

El contenido de la propuesta de la alcaldesa se corresponde con el contenido de los informes obrantes “.


Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de outubro de 2012 , que se transcribe :

“ 4º.-PROVIDENCIA DA ALCALDÍA SOBRE OBRA REALIZADA EN ALFONSIÑOS Nº 2 (CERVAÑA).

Visto o informe da Policía Local 286/12.

Visto o informe técnico do arquitecto asesor do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 9 de agosto de 2012.

Visto o informe xurídico “sobre o procedemento a seguir en caso de obras sen licencia ou sen axustarse a licencia concedida”, de data 29 de agosto de 2012, asinado



por Carmen González Gómez.

Visto o informe xurídico da secretaria xeral, de data 10 de outubro de 2012, Rexistro de Entrada nº 5335, de data 10 de outubro de 2012.

Vista a providencia da Alcaldesa, de data 25 de setembro de 2012.

Vista a proposta da Alcaldesa de data 25 de setembro de 2012.

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, e segundo o contido da proposta da Alcaldesa de 25 de setembro de 2012, acorda:

Visto o informe da Policía Local de data 19 de xullo de 2012, no que se informa da existencia dunha obra no lugar de Alfonsiños, na parroquia Silledense de Cervaña, e no que se poñía en coñecemento da Alcaldía determinados actos que puidesen facer necesario que se inicie procedemento para repoñer a legalidade urbanística con referencia ás obras de instalación de tubos e columnas para facer a entrada a unha finca en Alfonsiños número 2.

Visto o informe técnico de data 9 de agosto de 2012, no que se advirte que as obras se están executando non son compatibles co planeamento vixente.

De conformidade co informe xurídico de data 29 de Agosto de 2012 sobor do procedemento a seguir en caso de obras sen licencia ou sen axustarse a licencia concedida, en relación co procedemento e a Lexislación aplicable e o informe dos Servizos Técnicos Municipais con data 9 de agosto de 2012, polas facultades que me son conferidas en virtude do artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanismo e Protección do Medio Rural, pola presente,


Por todo o anterior a XUNTA DE GOBERNO LOCAL acorda:

PRIMEIRO. Incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto da actuación ilegal que supón a construción do peche con tubos e columnas que se está realizando por D. Ramón Rodríguez Espiño, no solar da súa propiedade sito no lugar de Alfonsiños nº 2, na parroquia de Cervaña (Silleda), conforme se establece no artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural.

SEGUNDO. Ordenar a suspensión inmediata de ditos actos, que se están realizando en Alfonsiños nº 2 (Cervaña), nos terreos propiedade de D. Ramón Rodríguez Espiño.

Xunta de Goberno Local de 22 de Marzo de 2013

Páxina 15 de 63



TERCEIRO. Adoptar as seguintes medidas cautelares:

- Ordenar a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra ou a actividade suspendida e a maquinaria afecta á mesma.
- Ordenar o precintado das obras, instalacións e elementos auxiliares das actividades obxecto de suspensión, dándolle traslado a Policía local para o efectivo cumprimento de esta orde.
- Procederá execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 600 a 6000 €, reiterables ata lograr o cumprimento da orde de paralización.

CUARTO. Notificar ós interesados para que poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que teñan por conveniente, outorgando un prazo de quince días.

Así mesmo, dar audiencia ós interesados que aparezan no expediente, para que no mesmo prazo aleguen o que estimen pertinente.

QUINTO. Notificar ó Rexistro da Propiedade a incoación do procedemento de reposición da legalidade, para a súa publicidade e práctica dos asentos."

Visto que no acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 11 de outubro de 2012 faise referencia ó **informe xurídico "sobor o procedemento a seguir en caso de obras sen licencia ou sen axustarse a licencia concedida"**, de data 29 de agosto de 2012, asinado por Carmen González Gómez (asesora xurídica externa do concello).


Visto o escrito de alegacións presentado por Ramón Rodríguez Espiño, con data 15 de novembro de 2012 (rex de entrada no concello 15 de novembro de 2012, nº 6040)

Visto o informe xurídico da asesora externa do concello (servizos) Carmen González Gómez de data 20 de decembro de 2012 : " (...) Informe xurídico - proposta de resolución sobor as alegacións presentadas con data 15 de novembro , nº rexistro de entrada 6040 , por don Ramón Rodríguez Espiño".

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de xaneiro de 2013 : "Proposta da Alcaldía sobor alegación presentada por D. Ramón Rodríguez Espiño contra acordo da Xunta de Goberno Local do 11 de outubro de 2012".

Visto o escrito de alegacións presentado por Ramón Rodríguez Espiño, con data 11 de febreiro de 2013 (rex de entrada no concello 13-02- 2013, nº 750)

Visto o informe xurídico da asesora externa (servizos) Carmen González Gómez





de data 05 de marzo de 2013 : “ (...) Informe xurídico -proposta de resolución sobor as alegacións presentadas con data 11 de febreiro , nº rexistro de entrada 750 do concello de Silleda con data 13 de febreiro , por don Ramón Rodríguez Espiño “,
que se transcribe:

“De conformidade co acordado en providencia de alcaldía de data 22 de febrero de 2013, emito informe xurídico- proposta de resolución sobor as alegacións presentadas con data 11 de febreiro, nº rexistro de entrada 750 do concello de Silleda con data 13 de febreiro, por don Ramón Rodríguez Espiño .

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: *A xunta de goberno local con data 11 de outubro de 2012 adoptou o seguinte acordo:*

"PRIMEIRO: incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto da actuación ilegal que supón a construción do peche con tubos e columnas que se está realizando por D. Ramón Rodríguez Espiño, no solar da súa propiedade sito no lugar de Alfonsiños Nº2, na parroquia de Cervaña (Silleda) conforme se establece no artigo 209 da LOUGA.

SEGUNDO: Ordear a suspensión inmediata de ditos actos, que se están realizando en Alfonsiños Nº2 (Cervaña), nos terreos propiedade de D. Ramón Rodríguez Espiño.


TERCEIRO: Adoptar as seguintes medidas cautelares:

- *Ordear a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra ou actividade suspendida e a maquinaria afecta á mesma.*
- *Ordear o precintado das obras, instalacións e elementos auxiliares das actividades obxecto de suspensión, dándolle traslado a Policía Local para o efectivo cumprimento desta orde.*
- *Proceder á execución forzosa mediante imposición de multas coercitivas por importe de 600 a 6000 €, reiterables ata lograr o cumprimento da orde de paralización.*

CUARTO: Notificar aos interesados para que poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que teñan por conveniente, outorgando un prazo de quince días

Asi mesmo, dar audiencia ós interesados que aparezan no expediente, para que no mesmo prazo aleguen o que estimen pertinente.

QUINTO: Notificar ó Rexistro da propiedade a incoación do procedemento de reposición da legalidade, para a súa publicidade e práctica dos asentos."



SEGUNDO: *Contra este acordó, o sr Rodriguez Espiño, presentou alegacións con data 15 de novembro de 2012.*

TERCEIRO: *Con data 14 de xaneiro de 2013 a xunta de goberno local, aprobou a proposta da alcaldesa o seguinte acordo:*

Rexeitar as alegacións presentadas por don Ramón Rodriguez Espiño con data 15 de novembro de 2012, rexistro entrada 6040 por non desvirtuar o contido do informe da policía local e o informe técnico, polo seguinte:

1º- Recoñece a autoría das obras sobor as que se incoa o presente expediente de reposición da legalidade e que estas están aínda en fase de execución (que non están rematadas).

2º- Non aporta licencia urbanística (á policía local manifestalle que non a posúe).

3º- Non nega que as obras non gardan o retranqueo legal, que establece o PXOM e no que se basa o informe técnico para considerar ditas obras **NON LEGALIZABLES**, xa que o recurrente, limitase a manifestar que cree que están fora do ancho legal da pista.

2º- Sendo ditas obras non legalizables de acordo co PXOM de Silleda e demais normas urbanísticas aplicables, ordear a súa demolición e reposición do terreo o estado anterior a ditas obras, requirindo a tal efecto a don Ramón Rodriguez Espiño para que proceda a retirada dos tubos de formigón e das columnas, deixando o terreo no estado anterior a realización destas obras, advertíndoo que de non executalo no prazo dun mes, procederáse á súa retirada a súa costa.

TERCEIRO: *Notificar este acordo a don Ramón Rodriguez Espiño, concedéndolle un prazo de dez días para formular alegacións a esta proposta de resolución de conformidade co disposto no artigo 209.3 da LOUGA.*

CUARTO: *Con data 11 de febreiro de 2013 don Ramón Rodriguez Espiño presenta en correos de Lalín escrito de alegacións, rexistro entrada do concello nº 750 de data 13 de xaneiro. No que expón:*

1º- Que non tivo acceso ao expediente administrativo completo, concretamente ao informe xenérico sobor o procedemento a seguir en caso de obras sin licencia ou sen axustarse a licencia concedida de data 29 de agosto de 2012, ao informe xurídico da secretaria xeral de 25 de setembro de 2012 e ao informe técnico emitido por don Lino Doporto Framil.

Recoñece que si ten copia do informe da policía local de data 18 de xullo de 2012.



2º- Que solicitou que se procedese a medir a anchura legal da pista, a efectos de establecer a arista exterior da mesma e así dar cumprimento ao retranqueo legal. Que o instructor do procedemento só pode rexeitar as probas propostas motivadamente o que non fixo polo que hai nulidade do actuado, ou anulabilidade.

3º- Que non tivo acceso ao informe técnico pero si ao extracto que se consigna na proposta de resolución que di: "as obras que se están executando aparentemente de colocación duns tubos de formigón e dúas columnas co obxecto de facer unha entrada a unha finca, no son compatibles co planeamento vixente. Por non cumprir o recuamento mínimo que establece o PXOM (art. 99.1 e), de 3 metros á arista exterior da explanación, nin 1 m. Co compromiso de derribo. Por tanto, cómpre adoptar medidas de protección da legalidade urbanística, segundo establece o art. 241 da citada LOUGA e concordantes."

Consultados os preceptos legais citados comproba que o artigo 99.1 e do PXOM refírese ao equipamento docente, e o artigo 241 da LOUGA non existe. Si sería de aplicación o artigo 298 do PXOM que establece un retranqueo de 3 metros, pero necesita saber o lindeiro con exactitude.

4º- Que a situación é legalizable coa retirada da columna uns metros hacia atrás, e a obtención da licenza que se atopa en tramitación.

5º- Non procede a adopción das medidas cautelares porque non existen elemento de xuício suficientes para o mesmo.


6º- Que sería nulo de pleno dereito o expediente porque se solicitou copia compulsada de todo o procedemento e non se lle entregou.

As alegacións deben ser rexeitas polos seguintes motivos:

1º- Alega que non obtivo copia compulsada do actuado no expediente agás a copia do informe da policía local, o que lle causa indefensión.

Non existiría nin nulidade nin anulabilidade por non haber tido coñecemento do resto de documentos que integran o expediente administrativo porque demostra nas súas alegacións coñecer perfectamente o contido íntegro do expediente administrativo. Así:

- o contido do informe do sr técnico municipal é xusto o que o alegante recolle nestas alegacións, demostrando que o coñece perfectamente; o que non pode ser doutro maneira, xa que este informe técnico emitido por don Lino Do porto e Humil transcribese íntegramente dentro do informe xurídico emitido por esta avogada. informe xurídico, que a súa vez, se transcribe literalmente no acordo da XGL que se lle notifica ao sr. Rodríguez Espiño;



- dispón do informe da policía local,
- o informe xurídico desta letrada que di non haber visto, é xenérico, sobor o procedemento a seguir para a reposición da legalidade,
- o informe xurídico emitido sobor as alegacións efectuadas por esta avogada. **TRANSCRÍBESE LITERALMENTE** na resolución que se lle notifica ao sr. Rodríguez Espiño.
- o informe xurídico da sra secretaria municipal é unha mera formalidade: faise constar a petición de alcaldía, que a proposta que a sra. Alcaldesa fai a xunta de goberno local é acorde ao contido do expediente administrativo.
- Nas notificacións que se lle practicaron ao sr Rodríguez Espiño, xa se recolle cal é a normativa de aplicación, expresamente, xa que se transcribe literalmente o informe xurídico emitido.

O contido dos dous informes xurídicos que dice descoñecer son unha mera formalidade xurídica: o único contido do informe de data 29 de agosto de 2012 asinado por esta avogada, é indicar a alcaldesa, o procedemento legal a seguir en caso de obras que non se axusten a legalidade ou que carezan de licenza, **de modo xenérico**, para todos os casos. O informe da sra. Secretaria municipal é, únicamente, que a proposta que fai a alcaldesa a XGL axustase legalmente ao contido do expediente administrativo.

É xurisprudencia constante e pacífica que para que un vicio procedimental sexa causa de anulabilidade ou nulidade do actuado, ten que causar indefensión ao administrado; o que non ocorre no presente procedemento, xa que os documentos relevantes son coñecidos (transcríbense literalmente) polo recurrente e os outros dous, meras formalidades xurídicas.

Precisamente transcríbense na propia resolución da XGL, os documentos relevantes (informes técnicos e xurídicos) para que ab initio os administrados teñan pleno coñecemento do contido do expediente administrativo, e mesmo, poidan facer as súas alegacións sin ter que desprazarse ao concello a consultar o expediente administrativo. Asemade, o informe da policía local foille entregado, como él mesmo recoñece.

2º- Trátase dun expediente de reposición da legalidade, non dun expediente sancionador. A normativa de aplicación é o art. 209 da LOUGA (xa se indica na propia resolución da XGL que se lle notifica ao sr. Rodríguez Espiño a normativa de aplicación) que só contempla a audiencia ao interesado o que xa se tería cumprido. Estáse a formular proposta de resolución e non directamente resolución, e a

conceder un período de alegacións de dez días que, estrictu sensu, a tenor literal do contido deste artigo non se tería porqué conceder, xa que a LOUGA, so fala de dar audiencia ao interesado trala instrucción do expediente de reposición e antes de adoptar unha resolución. Precisamente, este novo período de alegacións concédese para evitar calquer indefensión aos administrados, dada a natureza do procedemento a seguir, e a parca regulación que do procedemento a seguir para a reposición da legalidade contén a LOUGA.

3º- Ao recoñecer el mesmo que as obras as está a executar sin licencia e sen gardar os retranqueos non é procedente realizar ningunha outra actuación de comprobación destes feitos. Neste escrito volve a recoñecer que non ten licencia nin cumpre os retranqueos, ao dicir: "esta situación é por tanto legalizable coa retirada da columna uns metros hacia atrás, e a obtención da licencia que se atopa en tramitación, polo que en ningún caso procede o derribo."

Os retranqueos son dente a arista exterior da pista polo que non se entende que vai aportar a medición da pista, xa que o ancho da pista é irrelevante; a referencia é a arista exterior.

No propio informe da policía local, nas fotografías, apreciase, indubitadamente, que non se garda ningún retranqueo da arista exterior da pista, sendo a única discusión posible se a obra invade dominio público ou non garda os retranqueos pero non invade dominio público (esto último, é o que di o informe técnico e o propio sr. Rodríguez Espiño).

Evidentemente, existe un erro de transcripción dos preceptos legais que se citan coma obrantes no informe técnico, erro sen transcendencia algunha xa que, se cita o contido destes preceptos, e o propio alegante recoñece coñecer o contido dos preceptos que se din de aplicación.

No procedemento administrativo de concesión de licencia é donde, se o estima preciso, debe facer constar a necesidade de medir a pista ou de que se lle indique o punto dende o cal debe efectuar o retranqueo.

4º- El mesmo recoñece que debe retirar as columnas. A demolición é o termo empregado na lei, e lóxicamente o que pretende o lexislador, e así se indica expresamente na resolución da XGL: "2º- Sendo ditas obras non legalizables de acordo co PXOM de Silleda e demais normas urbanísticas aplicables, ordear a súa demolición e reposición do terreo o estado anterior a ditas obras, requirindo a tal efecto a don Ramón Rodríguez Espiño para que proceda a retirada dos tubos formigón e das columnas, deixando o terreo no estado anterior a realización das obras, advertíndoo que de non executalo no prazo dun mes, procederáse a súa retirada a súa costa." é que se repoña o chan ao estado anterior a execución das obras. Neste caso concreto: debe retirar os tubos e as columnas que xa coñecían, sendo indiferente aos efectos do concello, que conserve os tubos e columnas para

colocalas legalmente unha vez obtida a licencia, ou as estrague.

*5º-As medidas cautelares adoptadas son as fixadas no artigo 209 da LOUGA. É unha cuestión pacífica non discutida polo sr. Rodríguez Espiño, **que non dispón de licencia e que a obra está sen rematar**, polo que o alcalde ven obrigado a adoptar as medidas necesarias para garantir a interrupción da actividade. As medidas adoptadas non causan perxuício algún ao alegante xa que, insisto, está a executar unha obra sen licencia e sen gardar os retranqueos polo que é ilegalizable.*

A lei estipula que se a obra se está a executar sin licencia e está sen rematar hai que adoptar as medidas cautelares necesarias para garantir a interrupción da actividade.

6º- Non se lle está a causar ao sr. Rodríguez Espiño, ningún dano ou perxuício coas resolucions adoptadas nin moito menos vulnerando ningún dereito constitucional, por todo o anteriormente exposto.

O que se informa desde o punto de vista xurídico ao leal saber e entender da avogada que sucube, sen perxuízo doutro criterio mellor fundado.

Silleda a 5 de marzo de 2013

Asdo: MC González Gómez"

Vista a proposta da Alcaldesa á Xunta de Goberno Local : "Proposta da Alcaldesa a Xunta de Goberno Local, sobor as alegacións presentadas por don Ramón Rodríguez Espiño con data 13 de febreiro de 2013 contra o acordo desta Xunta de Goberno de data 14 de xaneiro de 2013".

A Xunta de Goberno Local, visto o expediente e os informes citados , considerado o informe xurídico-proposta de resolución sobor as alegacións presentadas con data 11 de febreiro , nº rexistro de entrada 750 do concello de Silleda, con data 13 de febreiro por don Ramón Rodríguez Espiño asinado pola asesora xurídica externa Carmen González Gómez de data 05 de marzo de 2013 e segundo o texto da proposta da Alcaldesa "Proposta da Alcaldía á Xunta de Goberno Local, sobor as alegacións presentadas por don Ramón Rodríguez Espiño con data 13 de febreiro de 2013 contra o acordo desta Xunta de Goberno de data 14 de xaneiro de 2013 ", **acorda aprobar dita proposta da Alcaldesa , que se transcribe :**

"PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL SOBOR AS



ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR DON RAMÓN RODRIGUEZ ESPÍÑO CON DATA 13 DE FEBREIRO DE 2013 CONTRA O ACORDO DESTA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 14 DE XANEIRO DE 2013

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: *A xunta de goberno local con data 11 de outubro de 2012 adoptou o seguinte acordo:*

PRIMEIRO: *incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto da actuación ilegal que supón a construción do peche con tubos e columnas que se está realizando por D. Ramón Rodríguez Espiño, no solar da súa propiedade sito no lugar de Alfonsiños N°2, na parroquia de Cervaña (Silleda) conforme se establece no artigo 209 da LOUGA.*

SEGUNDO: *Ordear a suspensión inmediata de ditos actos, que se están realizando en Alfonsiños N°2 (Cervaña), nos terreos propiedade de D. Ramón Rodríguez Espiño.*

TERCEIRO: *Adoptar as seguintes medidas cautelares:*

- *Ordear a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra ou actividade suspendida e a maquinaria afecta á mesma.*
- *Ordear o precintado das obras, instalacións e elementos auxiliares das actividades obxecto de suspensión, dándolle traslado a Policía Local para o efectivo cumprimento desta orde.*
- *Proceder á execución forzosa mediante imposición de multas coercitivas por importe de 600 a 6000 €, reiterables ata lograr o cumprimento da orde de paralización.*

CUARTO: *Notificar aos interesados para que poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que teñan por conveniente, outorgando un prazo de quince días*

Asi mesmo, dar audiencia ós interesados que aparezan no expediente, para que no mesmo prazo aleguen o que estimen pertinente.

QUINTO: *Notificar ó Rexistro da propiedade a incoación do procedemento de reposición da legalidade, para a súa publicidade e práctica dos asentos."*

SEGUNDO: *O sr. Rodríguez Espiño presentou en data 15 de novembro de 2013 escrito de alegacións no que dice:*

- *Que a parcela 1039 está rodeada polo seu frontal por unha pista de*

concentración parcelaria pola cal discorre unha canalización de recollida de augas, a cal foi realizada por maquinaria e operarios do concello de Silleda, así como un trozo de zanja que na actualidade atópase sen acabar tal e como a deixou o propio concello

- *Que colocou medias cañas/ tubos encima dos tubos da canalización xa existente nunha lonxitude aproximada de 5 metros lineais.*
- *Que fixo unha columna de formigón de 1.70 m de altura e separouna doutra xa feita a unha distancia de 5.50 metros coa idea de facer unha entrada para dar acceso a vivenda sita no lugar de Alfonsiños, N°4 en Cervaña*
- *Que parte da canalización discorre por terreos da súa propiedade como claramente se aprecia na zona*
- *Estima que as medias cañas e as columnas atópanse fora do ancho legal da pista de Concentración parcelaria .*


E solicita:

- a) *Que se proceda a paralizar o expediente sancionador*
- b) *Que polos servicios técnicos de urbanismo do concello de Silleda se realice unha medición da anchura legal da pista.*
- c) *En compensación o terreo da miña propiedade polo cal discorre parte da canalización , se me autorice a realizar a entrada a parcela para dar acceso a vivenda, sita no lugar de Alfonsiños, N°4 en Cervaña.*

TERCEIRO: *Por providencia de data 10 de decembro acordouse por esta alcaldesa, previa entrega do expediente administrativo, encargar á avogada dona Carmen González Gómez a emisión de informe xurídico sobor estas alegacións.*

CUARTO: *Con data 20 de decembro emite informe xurídico no que conclúe que as alegacións, presentadas polo sr Rodriguez Espiño deben ser REXEITADAS por non desvirtuar o contido do informe da policía local e o informe técnico obrante no expediente, xa que :*

- **1º- Recoñece a autoría das obras** *sobor as que se incoa o presente expediente de reposición da legalidade e que estas están aínda en fase de execución (que non están rematadas).*





- 2º- *Non aporta licencia urbanística* (á policía local manifestalle que non a posúe).

- 3º- *Non nega que as obras non gardan o retranqueo legal, que establece o PXOM e no que se basa o informe técnico para considerar ditas obras NON LEGALIZABLES, xa que o recurrente, limitase a manifestar que cree que están fora do ancho legal da pista.*

QUINTO: *Á vista deste informe xurídico e demais informes obrantes no expediente, a xunta de goberno local en sesión de data 14 de xaneiro de 2013 adoptou o seguinte acordo:*

1º- Rexeitar as alegacións presentadas por don Ramón Rodríguez Espiño, con data 15 de novembro de 2012, rexistro entrada 6040 por non desvirtuar o contido do informe da policía local e o informe técnico obrante no expediente, xa que:

- 1º- *Recoñece a autoría das obras sobor as que se incoa o presente expediente de reposición da legalidade e que estas están aínda en fase de execución (que non están rematadas).*


- 2º- *Non aporta licencia urbanística* (á policía local manifestalle que non a posúe).

- 3º- *Non nega que as obras non gardan o retranqueo legal, que establece o PXOM e no que se basa o informe técnico para considerar ditas obras NON LEGALIZABLES, xa que o recurrente, limitase a manifestar que cree que están fora do ancho legal da pista.*

2º- Sendo ditas obras non legalizables de acordo co PXOM de Silleda e demais normas urbanísticas aplicables, ordear a súa demolición e reposición do terreo o estado anterior a ditas obras, requirindo a tal efecto a don Ramón Rodríguez Espiño para que proceda a retirada dos tubos de formigón e das columnas, deixando o terreo no estado anterior a realización destas obras, advertíndoo que de non executalo no prazo dun mes, procederáse á súa retirada a súa costa.

TERCEIRO: *Notificar este acordo a don Ramón Rodríguez Espiño, concedéndolle un prazo de dez días para formular alegacións a esta proposta de resolución de conformidade co disposto no artigo 209.3 da LOUGA.*

SEXTO: *Con data 11 de febreiro de 2013 don Ramón Rodríguez Espiño presenta en correos de Lalín escrito de alegacións, rexistro entrada do concello nº 750 de data 13 de xaneiro. No que expón:*



1º- Que non tivo acceso ao expediente administrativo completo, concretamente ao informe xenérico sobor o procedemento a seguir en caso de obras sin licencia ou sen axustarse a licencia concedida de data 29 de agosto de 2012, ao informe xurídico da secretaria xeral de 25 de setembro de 2012 e ao informe técnico emitido por don Lino Doporto Framil.

Recoñece que si ten copia do informe da policía local de data 18 de xullo de 2012.

2º- Que solicitou que se procedese a medir a anchura legal da pista, a efectos de establecer a arista exterior da mesma e así dar cumprimento ao retranqueo legal. Que o instructor do procedemento só pode rexeitar as probas propostas motivadamente o que non fixo polo que hai nulidade do actuado, ou anulabilidade.

3º- Que non tivo acceso ao informe técnico pero si ao extracto que se consigna na proposta de resolución que di: "as obras que se están executando aparentemente de colocación duns tubos de formigón e dúas columnas co obxecto de facer unha entrada a unha finca, no son compatibles co planeamento vixente. Por non cumprir o recuamento mínimo que establece o PXOM (art. 99.1 e), de 3 metros á arista exterior da explanación, nin 1 m. Co compromiso de derribo. Por tanto, cómpre adoptar medidas de protección da legalidade urbanística, segundo establece o art. 241 da citada LOUGA e concordantes."

Consultados os preceptos legais citados comproba que o artigo 99.1 e do PXOM refírese ao equipamento docente, e o artigo 241 da LOUGA non existe. Si sería de aplicación o artigo 298 do PXOM que establece un retranqueo de 3 metros, pero necesita saber o lindeiro con exactitude.

4º- Que a situación é legalizable coa retirada da columna uns metros hacia atrás, e a obtención da licencia que se atopa en tramitación.


5º- Non procede a adopción das medidas cautelares porque non existen elemento de xuízo suficientes para o mesmo.

6º- Que sería nulo de pleno dereito o expediente porque se solicitou copia compulsada de todo o procedemento e non se lle entregou.

SÉPTIMO: Por providencia de data 22 de febreiro acordouse por esta alcaldesa, previa entrega do expediente administrativo, encargar á avogada dona ~~Concepción~~ González Gómez a emisión de informe xurídico sobor estas alegacións.

OITAVO: Con data 5 de marzo de 2013 emítese informe xurídico no que ~~se conclúe:~~

"As alegacións deben ser rexeitas polos seguintes motivos:





1º- Alega que non obtivo copia compulsada do actuado no expediente agás a copia do informe da policía local, o que lle causa indefensión.

Non existiría nin nulidade nin anulabilidade por non haber tido coñecemento do resto de documentos que integran o expediente administrativo porque demostra nas súas alegacións coñecer perfectamente o contido íntegro do expediente administrativo. Así:

- o contido do informe do sr técnico municipal é xusto o que o alegante recolle nestas alegacións, demostrando que o coñece perfectamente; o que non pode ser doutra maneira, xa que este informe técnico emitido por don Lino Do porto Framil transcribese íntegramente dentro do informe xurídico emitido por esta avogada, informe xurídico, que a súa vez, se transcribe literalmente no acordo da XGL que se lle notifica ao sr. Rodríguez Espiño;

- dispón do informe da policía local,

-o informe xurídico desta letrada que di non haber visto, é xenérico, sobor o procedemento a seguir para a reposición da legalidade,


*- o informe xurídico emitido sobor as alegacións efectuadas por esta avogada. **TRANSCRÍBESE LITERALMENTE** na resolución que se lle notifica ao sr. Rodríguez Espiño.*

- o informe xurídico da sra secretaria municipal é unha mera formalidade: faise constar a petición de alcaldía, que a proposta que a sra. Alcaldesa fai a xunta de goberno local é acorde ao contido do expediente administrativo.

- Nas notificacións que se lle practicaron ao sr Rodríguez Espiño, xa se recolle cal é a normativa de aplicación, expresamente, xa que se transcribe literalmente o informe xurídico emitido.

*O contido dos dous informes xurídicos que dice descoñecer son unha mera formalidade xurídica: o único contido do informe de data 29 de agosto de 2012 asinado por esta avogada, é indicar a alcaldesa, o procedemento legal a seguir en caso de obras que non se axusten a legalidade ou que carezan de licencia, **de modo xenérico**, para todos os casos. O informe da sra. Secretaria municipal é, únicamente, que a proposta que fai a alcaldesa a XGL axustase legalmente ao contido do expediente administrativo.*

É xurisprudencia constante e pacífica que para que un vicio procedimental sexa causa de anulabilidade ou nulidade do actuado ,ten que causar indefensión ao administrado; o que non ocorre no presente procedemento, xa que os documentos relevantes son coñecidos (transcribense literalmente) polo recurrente e os outros dous, meras formalidades xurídicas.



Precisamente transcribíense na propia resolución da XGL, os documentos relevantes (informes técnicos e xurídicos) para que ab initio os administrados teñan pleno coñecemento do contido do expediente administrativo, e mesmo, poidan facer as súas alegacións sin ter que desprazarse ao concello a consultar o expediente administrativo. Asemade, o informe da policía local foille entregado, como él mesmo recoñece.

2º- **Trátase dun expediente de reposición da legalidade, non dun expediente sancionador.** A normativa de aplicación é o art. 209 da LOUGA (xa se indica na propia resolución da XGL que se lle notifica ao sr. Rodríguez Espiño a normativa de aplicación) que só contempla a audiencia ao interesado o que xa se tería cumprido. Estáse a formular proposta de resolución e non directamente resolución, e a conceder un período de alegacións de dez días que, estrictu sensu, a tenor literal do contido deste artigo non se tería porqué conceder, xa que a LOUGA, so fala de dar audiencia ao interesado trala instrucción do expediente de reposición e antes de adoptar unha resolución. Precisamente, este novo período de alegacións concédese para evitar calquer indefensión aos administrados, dada a natureza do procedemento a seguir, e a parca regulación que do procedemento a seguir para a reposición da legalidade contén a LOUGA.

3º- Ao recoñecer él mesmo que as obras as está a executar sin licencia e sen gardar os retranqueos non é procedente realizar ningunha outra actuación de comprobación destes feitos. Neste escrito volve a recoñecer que non ten licencia nin cumpre os retranqueos, ao dicir: "esta situación é por tanto legalizable coa retirada da columna uns metros hacia atrás, e a obtención da licencia que se atopa en tramitación, polo que en ningún caso procede o derribo."

Os retranqueos son **dente a arista exterior da pista** polo que non se entende que vai aportar a medición da pista, xa que o ancho da pista é irrelevante; a referencia é a arista exterior.

No propio informe da policía local, nas fotografías, apreciase, indubitadamente, que non se garda ningún retranqueo da arista exterior da pista, sendo a única discusión posible se a obra invade dominio público ou non garda os retranqueos pero non invade dominio público (esto último, é o que di o informe técnico e o propio sr. Rodríguez Espiño).

Evidentemente, existe un erro de transcripción dos preceptos legais que se citan coma obrantes no informe técnico, erro sen transcendencia algunha xa que, se cita o contido destes preceptos, e o propio alegante recoñece coñecer o contido dos preceptos que se din de aplicación.

No procedemento administrativo de concesión de licencia é donde, se presta un preciso, debe facer constar a necesidade de medir a pista ou de que se lle indique o punto dende o cal debe efectuar o retranqueo.



4º- *Él mesmo reconece que debe retirar as columnas. A demolición é o termo empregado na lei, e lóxicamente o que pretende o lexislador, e así se indica expresamente na resolución da XGL: "2º- Sendo ditas obras non legalizables de acordo co PXOM de Silleda e demais normas urbanísticas aplicables, ordear a súa demolición e reposición do terreo o estado anterior a ditas obras, requirindo a tal efecto a don Ramón Rodríguez Espiño para que proceda a retirada dos tubos de formigón e das columnas, deixando o terreo no estado anterior a realización destas obras, advertíndoo que de non executalo no prazo dun mes, procederáse á súa retirada a súa costa.") é que se repoña o chan ao estado anterior a execución das obras. Neste caso concreto: debe retirar os tubos e as columnas que xa colocou, sendo indiferente aos efectos do concello, que conserve os tubos e columnas para colocalas legalmente unha vez obtida a licencia, ou as estrague.*

5º- *As medidas cautelares adoptadas son as fixadas no artigo 209 da LOUGA. É unha cuestión pacífica non discutida polo sr. Rodríguez Espiño, que non dispón de licencia e que a obra está sen rematar, polo que o alcalde ven obrigado a adoptar as medidas necesarias para garantir a interrupción da actividade. As medidas adoptadas non causan perxuício algún ao alegante xa que, insisto, está a executar unha obra sen licencia e sen gardar os retranqueos polo que é ilegalizable.*

A lei estipula que se a obra se está a executar sin licencia e está sen rematar hai que adoptar as medidas cautelares necesarias para garantir a interrupción da actividade.

6º- *Non se lle está a causar ao sr. Rodríguez Espiño, ningún dano ou perxuício coas resolucións adoptadas nin moito menos vulnerando ningún dereito constitucional, por todo o anteriormente exposto.*

O que se informa desde o punto de vista xurídico ao leal saber e entender da avogada que suscribe, sen perxuízo doutro criterio mellor fundado."

NOVENO: *A vista do informe xurídico emitido, e a vista do contido do expediente administrativo, esta alcaldesa propón, A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, adoptar o seguinte acordo:*

PRIMEIRO: *REXEITAR as alegacións polos seguintes motivos:*

1º- *Alega que non obtivo copia compulsada do actuado no expediente agás a copia do informe da policía local, o que lle causa indefensión.*

Non existiría nin nulidade nin anulabilidade por non haber tido coñecemento do resto de documentos que integran o expediente administrativo porque demostra nas súas alegacións coñecer perfectamente o contido íntegro do expediente administrativo.

Así:

- o contido do informe do sr técnico municipal é **xusto** o que o alegante recolle nestas alegacións, demostrando que o coñece perfectamente; o que non pode ser doutra maneira, xa que este informe técnico emitido por don Lino Do porto Framil transcribese íntegramente dentro do informe xurídico emitido por esta avogada, informe xurídico, que a súa vez, se transcribe literalmente no acordo da XGL que se lle notifica ao sr. Rodríguez Espiño;

- dispón do informe da policía local,

-o informe xurídico desta letrada que di non haber visto, é xenérico, sobor o procedemento a seguir para a reposición da legalidade,

- o informe xurídico emitido sobor as alegacións efectuadas por esta avogada. **TRANSCRÍBESE LITERALMENTE** na resolución que se lle notifica ao sr. Rodríguez Espiño.

- o informe xurídico da sra secretaria municipal é unha mera formalidade: faise constar a petición de alcaldía, que a proposta que a sra. Alcaldesa fai a xunta de goberno local é acorde ao contido do expediente administrativo.

-Nas notificacións que se lle practicaron ao sr Rodríguez Espiño , xa se recolle cal é a normativa de aplicación, expresamente, xa que se transcribe literalmente o informe xurídico emitido.

O contido dos dous informes xurídicos que dice descoñecer son unha mera formalidade xurídica: o único contido do informe de data 29 de agosto de 2012 asinado por esta avogada, é indicar a alcaldesa, o procedemento legal a seguir en caso de obras que non se axusten a legalidade ou que carezan de licencia, **de modo xenérico**, para todos os casos. O informe da sra. Secretaria municipal é, únicamente, que a proposta que fai a alcaldesa a XGL axustase legalmente ao contido do expediente administrativo.

É xurisprudencia constante e pacífica que para que un vicio procedimental sexa causa de anulabilidade ou nulidade do actuado ,ten que causar indefensión ao administrado; o que non ocorre no presente procedemento, xa que os documentos relevantes son coñecidos (transcríbense literalmente) polo recurrente e os outros dous, meras formalidades xurídicas.

Precisamente transcríbense na propia resolución da XGL ,os documentos relevantes (informes técnicos e xurídicos) para que ab initio os administrados teñan pleno coñecemento do contido do expediente administrativo, e mesmo, poidan facer as súas alegacións sin ter que desprazarse ao concello a consultar o expediente administrativo. Asemade, o informe da policía local foille entregado, como él mesmo recoñece.

2º- Trátase dun expediente de reposición da legalidade ,non dun expediente sancionador. A normativa de aplicación é o art. 209 da LOUGA (xa se indica na propia resolución da XGL que se lle notifica ao sr. Rodríguez Espiño a normativa de aplicación) que só contempla a audiencia ao interesado o que xa se tivo cumprido.



Estáse a formular proposta de resolución e non directamente resolución, e a conceder un período de alegacións de dez días que, estrictu sensu, a tenor literal do contido deste artigo non se tería porqué conceder, xa que a LOUGA, so fala de dar audiencia ao interesado trala instrucción do expediente de reposición e antes de adoptar unha resolución. Precisamente, este novo período de alegacións concédese para evitar calquer indefensión aos administrados, dada a natureza do procedemento a seguir, e a parca regulación que do procedemento a seguir para a reposición da legalidade contén a LOUGA.

3º- Ao recoñecer él mesmo que as obras as está a executar sin licencia e sen gardar os retranqueos non é procedente realizar ningunha outra actuación de comprobación destes feitos. Neste escrito volve a recoñecer que non ten licencia nin cumpre os retranqueos, ao dicir: "esta situación é por tanto legalizable coa retirada da columna uns metros hacia atrás, e a obtención da licencia que se atopa en tramitación, polo que en ningún caso procede o derribo."

Os retranqueos son dente a arista exterior da pista polo que non se entende que vai aportar a medición da pista, xa que o ancho da pista é irrelevante; a referencia é a arista exterior.

No propio informe da policía local, nas fotografías, apreciase, indubitadamente, que non se garda ningún retranqueo da arista exterior da pista, sendo a única discusión posible se a obra invade dominio público ou non garda os retranqueos pero non invade dominio público (esto último, é o que di o informe técnico e o propio sr. Rodríguez Espiño).

Evidentemente, existe un erro de transcripción dos preceptos legais que se citan coma obrantes no informe técnico, erro sen transcendencia algunha xa que, se cita o contido destes preceptos, e o propio alegante recoñece coñecer o contido dos preceptos que se din de aplicación.

No procedemento administrativo de concesión de licencia é donde, se o estima preciso, debe facer constar a necesidade de medir a pista ou de que se lle indique o punto dende o cal debe efectuar o retranqueo.

4º-Él mesmo recoñece que debe retirar as columnas. A demolición é o termo empregado na lei, e lóxicamente o que pretende o lexislador, e así se indica expresamente na resolución da XGL: "2º- Sendo ditas obras non legalizables de acordo co PXOM de Silleda e demais normas urbanísticas aplicables, ordear a súa demolición e reposición do terreo o estado anterior a ditas obras, requirindo para o efecto a don Ramón Rodríguez Espiño para que proceda a retirada dos tubos de formigón e das columnas, deixando o terreo no estado anterior a realización destas obras, advertindo que de non executalo no prazo dun mes, procederáse á súa retirada a súa costa.") é que se repoña o chan ao estado anterior a execución das obras. Neste caso concreto: debe retirar os tubos e as columnas que xa colocou, sendo indiferente

aos efectos do concello, que conserve os tubos e columnas para colocalas legalmente unha vez obtida a licencia, ou as estrague.

5º- As medidas cautelares adoptadas son as fixadas no artigo 209 da LOUGA. É unha cuestión pacífica non discutida polo sr. Rodríguez Espiño, **que non dispón de licencia e que a obra está sen rematar**, polo que o alcalde ven obrigado a adoptar as medidas necesarias para garantir a interrupción da actividade. As medidas adoptadas non causan perxuício algún ao alegante xa que, insisto, está a executar unha obra sen licencia e sen gardar os retranqueos polo que é ilegalizable.

A lei estipula que se a obra se está a executar sin licencia e está sen rematar hai que adoptar as medidas cautelares necesarias para garantir a interrupción da actividade.

6º- Non se lle está a causar ao sr. Rodríguez Espiño, ningún dano ou perxuício coas resolucións adoptadas nin moito menos vulnerando ningún dereito constitucional, por todo o anteriormente exposto.


SEGUNDO: Ordear a suspensión inmediata de ditos actos, que se están realizando en Alfonsiños Nº2 (Cervaña), nos terreos propiedade de D. Ramón Rodríguez Espiño.

TERCEIRO: Adoptar as seguintes medidas cautelares:

- Ordear a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra ou actividade suspendida e a maquinaria afecta á mesma.
- Ordear o precintado das obras, instalacións e elementos auxiliares das actividades obxecto de suspensión, dándolle traslado a Policía Local para o efectivo cumprimento desta orde.
- Proceder á execución forzosa mediante imposición de multas coercitivas por importe de 600 a 6000 €, reiterables ata lograr o cumprimento da orde de paralización.

CUARTO: Sendo ditas obras non legalizables de acordo co PXOM de Silleda e demais normas urbanísticas aplicables, ordear a súa demolición e reposición do terreo o estado anterior a ditas obras, requirindo a tal efecto a don Ramón Rodríguez Espiño para que proceda a retirada dos tubos de formigón e das columnas, deixando o terreo no estado anterior a realización destas obras, advertíndoo que de non executalo no prazo dun mes, procederáse á súa retirada a súa costa.

QUINTO: Notificar este acordo, resolución do expediente de reposición da legalidade, a don Ramón Rodríguez Espiño."





4.- SOLICITUDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO DOS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO.

Visto o escrito remitido por Espina & Delfin S.L. de data 11 de marzo de 2013, (Rexistro de Entrada nº 1483, de data 14 de marzo de 2013), remitindo relación de **solicitudes de abastecemento e saneamento** para súa aprobación correspondentes ós meses de xaneiro e febreiro de 2013 (Asunto: Listados Nº 1 e 2) e que se relaciona a continuación:

Solicitudes Mes de xaneiro 2013

SOLICITUDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO	
Penas Mariño José Luis	R/ Xeral, 53-2E - Bandeira
López Pérez Inés	R/ Xeral 51-2D - Bandeira
Gamallo Otero Mª Luisa	R/ Progreso, 42-1Iz - Silleda
Gil Cacheda Mª de la Paz SLNE	R/ Ramón de Valenzuela, 42-1B - Bandeira
Lázara Liñares Mª Luisa	R/ Emilio Alonso Paz, 8-1B - Silleda
Tradeza Oriental S.L.	Barrio do Campo, 11-3Baixo - Silleda
Brey Iglesias Antonio	R/ Alfonso Trabazo, 19-2A - Silleda
Pena Gómez José Antonio	Lg. Maragouzos, 4 Baixo - Saidres
Fernández Méndez Josefa	Lg. Margaride, 3 baixo - Margaride

Solicitudes Mes de febreiro 2013 (Listado 2: Importe 180,30 €)

SOLICITUDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO	
Cayetano Vieitez, S.L.	R/ Ramón de Valenzuela, 43-1B - Bandeira
Cayetano Vieitez, S.L.	R/ Ramón de Valenzuela, 43-4B - Bandeira
Cayetano Vieitez, S.L.	R/ Ramón de Valenzuela, 43-2B - Bandeira
Cayetano Vieitez, S.L.	R/ Ramón de Valenzuela, 43-4A - Bandeira
Promoval S.L.	R/ Emilio Alonso Paz, 8-4A - Silleda

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Lázara Vázquez Fernando	R/ Emilio Alonso Paz, 4-1D - Silleda

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación ós listados anteriormente mencionados

Durante o debate do seguinte asunto, incorpóranse a sesión o concelleiro Antonio Couso Alvarez, que vota no mesmo, e a Interventora Municipal, Isabel Pernas Sánchez, quen permanecen na sesión ata o final da mesma..

5.- ESCRITO PRESENTADO POR DOLORES GARCÍA ROSENDE, DE DATA 25 DE FEBREIRO DE 2013 (REXISTRO DE ENTRADA Nº 1010, DE DATA 26 DE FEBREIRO DE 2013)

Visto o escrito presentado por Dolores García Rosende, de data 25 de febreiro de 2013 (Rexistro de Entrada nº 1010, de data 26 de febreiro de 2013), no que solicita que tras haber comenzado súa relación laboral co Concello de Silleda o día 21/01/2009, lle sexa recoñecido o primeiro trienio traballado a data de 25/02/2013.

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, acorda dar traslado deste escrito á Interventora para seu informe.

6.- ESCRITO PRESENTADO POR SUSANA FRAMIÑÁN RAMOS, DE DATA 8 DE FEBREIRO DE 2013 (REXISTRO DE ENTRADA Nº 673, DE DATA 8 DE FEBREIRO DE 2013)

Visto o escrito presentado por Susana Framiñán Ramos, de data 8 de febreiro de 2013 (Rexistro de Entrada nº 673, de data 8 de febreiro de 2013), no que expón que é traballadora do Concello, desempeñando diversas funcións: dende o 01 de xullo de 2004 ata o 30 de xuño de 2007 e dende o 18 de novembro de 2009 ata a actualidade, polo que solicita se recoñezca a antigüidade que ten como empregada do Concello de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, acorda dar traslado deste escrito á Interventora para seu informe.





7.- ESCRITO PRESENTADO POR SARA BLANCO GIL, DE DATA 21 DE MARZO DE 2013 (REXISTRO DE ENTRADA Nº 1958, DE DATA 22 DE MARZO DE 2013)

Visto o escrito presentado por Sara Blanco Gil, de data 21 de marzo de 2013 (Rexistro de Entrada nº 1958, de data 22 de marzo de 2013), no que expón que é traballadora do Concello, desempeñando diversas funcións dende o 16 de agosto de 2007, polo que solicita se recoñezca a antigüidade que ten como empregada do Concello de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, acorda dar traslado deste escrito á Interventora para seu informe.

8.- ESCRITO PRESENTADO POR SARA BLANCO GIL, DE DATA 21 DE MARZO DE 2013 (REXISTRO DE ENTRADA Nº 1959, DE DATA 22 DE MARZO DE 2013)

Visto o escrito presentado por Sara Blanco Gil, de data 21 de marzo de 2013 (Rexistro de Entrada nº 1959, de data 22 de marzo de 2013), no que expón que é traballadora do Concello, desempeñando diversas funcións dende o 16 de agosto de 2007, polo que solicita se recoñezcan os trienios correspondentes.

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, acorda dar traslado deste escrito á Interventora para seu informe.

9.- ESCRITO DA SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO DE PONTEVEDRA, DE DATA 04 DE MARZO DE 2013, (REXISTRO DE ENTRADA Nº 1231, DE DATA 07 DE MARZO DE 2013) REMITINDO ESCRITO PRESENTADO NA CITADA ADMINISTRACIÓN POR SERGIO REQUEIJO VILLAR, DE DATA FEBREIRO DE 2013.

Visto o escrito remitido pola Subdelegación do Goberno de Pontevedra, de data 04 de marzo de 2013 (Rexistro de Entrada nº 1231, de data 07 de marzo de 2013) adxuntando escrito presentado en esa administración por Sergio Requeijo Villar, de data febreiro de 2013, (Rexistro de Entrada na Subdelegación do Goberno nº 7323/RG 703576, de data 04 de marzo de 2013, Rexistro de Saída da Subdelegación do Goberno nº 9835/RG 692254, de data 04 de marzo de 2013, Rexistro de Entrada no Concello nº 1232, de data 07 de marzo de 2013) sobre reclamación previa a demanda en proceso

Xunta de Goberno Local de 22 de Marzo de 2013

Páxina 35 de 63

ordinario por reclamación de cantidade.

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, **acorda** dar traslado deste escrito á Interventora para seu informe.

10.- CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRA: "MELLORA DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE DE BANDEIRA"

PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

Precio de licitación (IVA incl) : 181.499,98 euros : valor estimado : 149.999,98 euros; IVA 21% : 31.500 euros (cláusula cuarta); plazo de execución : catro meses (cláusula quinta); plazo de garantía : dous anos (cláusula vixésimo primeira) ; criterios de adxudicación (cláusula décima) do pliego de cláusulas administrativas particulares, e segundo o proxecto técnico.

APERTURA DE OFERTAS DOS LICITADORES : SUBSANACIÓN SOBRE SOBRE A “ DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA” (E NO SEU CASO APERTURA DO SOBRE B “ OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN)”.
E CLASIFICACIÓN DE OFERTAS.


A Alcaldesa dispón que se proceda á apertura das ofertas dos licitadores, á documentación presentada para a subsanación de sobre A “ Documentación administrativa”, en primeiro lugar, e logo á apertura do sobre B “Oferta económica e documentación”

Polo tanto a Xunta de Goberno Local , coa asistencia a requerimento da Alcaldesa da secretaria xeral e da interventora , procede á apertura e examen da documentación presentada para a subsanación de sobre A “ Documentación administrativa ” presentada polos seguintes licitadores requeridos para elo así:

- SILLEDA JARDÍN CONSTRUCCIONES 2005, S.L. , por escrito da Alcaldesa de 19 de marzo de 2013 (rex saída 19-03-2013, nº 705). Recibido : 19-03-2013.

Presentou documentación para subsanar: por escrito de 20-03-2013 (rex entr 20-03-2013, nº 1895) e por escrito de 21-03 -2013 (rex entr 21-03 2013, nº 1923).

-CONSTRUCCIONES AREÁN S.L., por escrito da Alcaldesa de 19 de marzo de 2013 (rex saída 19-03-2013, nº 706). Recibido : 19-03-2013.



Presentou documentación para subsanar: por escrito de 20-03 -2013 (rex entr 20-03 2013, nº 1876).

- CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO, S.L. , por escrito da Alcaldesa de 19 de marzo de 2013 (rex saída 19-03-2013, nº 703). Recibido : 19-03-2013.

Presentou documentación para subsanar: por escrito de 21-03 -2013 (rex entr 21-03 2013, nº 1900).

- CONST FERNANDEZ SARMIENTO , S.A. , por escrito da Alcaldesa de 19 de marzo de 2013 (rex saída 19-03-2013, nº 707). Recibido : 19-03-2013.


Presentou documentación para subsanar: por escrito de 21-03 -2013 (rex entr 21-03 2013, nº 1921).

- FERNANDO PENA CARAMÉS, por escrito da Alcaldesa de 19 de marzo de 2013 (rex saída 19-03-2013, nº 704). Recibido : 19-03-2013.

Presentou documentación para subsanar: por escrito de 20-03 -2013 (rex entr 20-03 2013, nº 1892).

Durante o examen da documentación presentada pola empresa CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO, S.L. , a secretaria xeral informa que entende que a solvencia técnica desta empresa non está claramente acreditada, e que sería necesario a valoración dun técnico municipal sobre a suficiencia do que presenta en relación á obra que se está contratando, xa que a documentación que presenta non se axusta claramente ó esixido no pliego de cláusulas administrativas particulares, en canto a obras realizadas que pretende acreditar e a súa forma de acreditación concreta.

A Alcaldesa di que entre as obras realizadas que presenta na documentación esta empresa está a obra de rehabilitación de vivenda e Casa Rectoral de Xestoso que fixo contratada polo Concello de Silleda e que forma parte do Plan E do ano 2009 e di que é unha obra que se fixo correctamente e se recibiu polo concello, polo que ordena á interventora municipal que busque entre a documentación que hai no concello a documentación desta obra do Plan E do ano 2009, en concreto que busque a acta de recepción; así o fai a interventora, que se ausenta da sesión uns minutos para buscar este expediente do Plan E ano 2009 e volve a incorporarse e procede a amosar así á Xunta de Goberno Local o acta de recepción polo Concello de Silleda desta obra , por orde da Alcaldesa. A Xunta de Goberno Local examina esta acta de recepción e entende baixo o seu criterio e por unanimidade dos presentes que esta empresa ten a solvencia técnica acreditada para a presente licitación.



A Xunta de Goberno Local examinada segundo o exposto a documentación presentada polos cinco licitadores arriba indicados , baixo o seu criterio e por unanimidade dos membros presentes acorda considerar subsanada a documentación do Sobre A “ Documentación administrativa”destos cinco licitadores , acorda admitilos á licitación e proceder a continuación á apertura e valoración na propia sesión polos membros da Xunta de Goberno Local baixo o seu criterio visto o pliego de cláusulas administrativas particulares dos sobres B “Oferta económica e documentación “ destes cinco licitadores, valoración que se entrega á secretaria xeral na sesión nun folio asinado polos cinco membros da Xunta de Goberno Local que efectúan na propia sesión a valoración das ofertas do sobre B ,escrito que é asinado na propia sesión pola secretaria xeral , en exercicio de fe pública para constancia dos datos (facendo constar “XGL 22 marzo 2013:Casa Cultura Vista Alegre Bandeira. Valoración do sobre B. Dou fe.” ; e asimesmo asinaranse pola secretaria xeral en exercicio de fe pública todos os folios que se inclúen nos sobres B desas empresas licitadoras, para constancia do seu contido documental); e unha vez establecido o resultado da valoración por orden acordando que se requira ó licitador coa oferta economicamente máis ventaxosa para que presente a documentación segundo esixe o pliego de cláusulas administrativas particulares para despois se poda proceder á adxudicación e formalización do contrato.

Tendo en conta o anterior ACÓRDASE POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL :

.- CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRA : “MELLORA DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE DE BANDEIRA”

PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

Precio de licitación (IVA incl) : 181.499,98 euros : valor estimado : 149.999,98 euros; IVA 21% : 31.500 euros (cláusula cuarta); plazo de execución : catro meses (cláusula quinta); plazo de garantía : dous anos (cláusula vixésimo primeira) ; criterios de adxudicación (cláusula décima) do pliego de cláusulas administrativas particulares, e segundo o proxecto técnico.

APERTURA DE OFERTAS DOS LICITADORES : SUBSANACIÓN SOBRE SOBRE A “ DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA” (E NO SEU CASO APERTURA DO SOBRE B “ OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN)”, E CLASIFICACIÓN DE OFERTAS..

A Xunta de Goberno Local ,en aplicación do artigo 54 e seguintes, artigo 109 e seguintes, artigo 138 e seguintes, artigo 169 e seguintes e a Disposición Adicional 2ª do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP) e normativa concordante, por



**delegación da Alcaldesa (Decreto 04-07-2011) por unanimidade dos presentes,
APROBA ESTE ACORDO :**

Vista a documentación do expediente, vista a Resolución de 08 de outubro de 2012 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Consellería do Medio Rural e do mar (DOG nº 198, 17-10-2012) pola que **concedeuse subvención** (código exp : D 12 32110-0634 ; importe da axuda 134.429,98 euros) **ó concello** e indícase que o prazo para executar e xustificar a inversión finaliza o 03 de decembro de 2012; e visto o escrito de 18 de outubro de 2012 do Subdirector de coordinación e planificación para o desenvolvemento rural da Consellería do Medio Rural e do Mar (rex saída Xunta de Galicia 18-10-2012, rex entr concello 19-10-12, nº5490) no que comunícase que o prazo de xustificación desta subvención finaliza antes do 30 de xuño de 2013, nas condicións deste escrito (xunto co cal achégase escrito de Resolución de concesión de axuda de 08 de outubro de 2012 do Director Xeral de Agader).

Visto o expediente tramitado para a contratación desta obra e vistos a documentación e os informes do expediente segundo os acordos de Xunta de Goberno Local de 24 de xaneiro de 2013, 14 de febreiro de 2013 (secretario accidental David García Lareo, 21 de febreiro de 2013 (secretario accidental David García Lareo), 14 de marzo de 2013 e Decreto da Alcaldesa de 18 de febreiro de 2013 (secretario accidental David García Lareo), seguintes :

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local aprobado na sesión ordinaria (e urgente) de 14 de marzo de 2013 que se transcribe :

CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRA : "MELLORA DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE DE BANDEIRA"

PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

Precio de licitación (IVA incl) : 181.499,98 euros (valor estimado : 149.999,98 euros; IVA 21% : 31.500 euros).

APERTURA OFERTAS DOS LICITADORES : SOBRE A " DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA" E NO SEU CASO APERTURA DO SOBRE B " OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN".

**A Xunta de Goberno Local ,en aplicación do artigo 54 e seguintes, artigo 109 e seguintes, artigo 138 e seguintes, artigo 169 e seguintes e a Disposición adicional 2ª do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLRSP) e normativa concordante por delegación da Alcaldesa (Decreto 04-07-2011) por unanimidade dos presentes,
APROBA ESTE ACORDO :**

Vista a documentación e a Resolución de 08 de outubro de 2012 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Consellería do Medio Rural e do mar (DOG nº 198, 17-10-2012) pola que concedeuse subvención (código exp : D 12 32110-0634 ; importe da axuda 134.429,98 euros) ó concello e o escrito de 18 de outubro de 2012 do Subdirector de coordinación e planificación para o desenvolvemento rural da Consellería do Medio Rural e do Mar (rex saída Xunta de Galicia 18-10-2012, rex entr concello 19-10-12, nº5490).

Visto o expediente tramitado para a contratación desta obra.


Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria e urxente celebrada o 24 de xaneiro de 2013 aprobou este acordo :

“ 2º.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DO CENTRO CULTURAL "VISTA ALEGRE" DE BANDEIRA.

(....)

A Alcaldesa somete a aprobación o proxecto técnico de obra “ Proxecto de mellora do Centro Cultural “Vista Alegre “ de A Bandeira : situación Rúa Xeral, s/n, A Bandeira; promotor Concello de Silleda; data maio 2012: arquitecto redactor José Luis Sanmiguel Guerreiro, nº 2564 COAG ; que inclúe orzamento (asinado en decembro de 2012) por total orzamento 181.499,98 euros (IVE 21% incluído : 31.500 euros).

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación e a Resolución de 08 de outubro de 2012 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Consellería do Medio Rural e do mar (DOG nº 198, 17-10-2012) pola que concedeuse subvención (código exp : D 12 32110-0634 ; importe da axuda 134.429,98 euros) ó concello e o escrito de 18 de outubro de 2012 do Subdirector de coordinación e planificación para o desenvolvemento rural da Consellería do Medio Rural e do Mar (rex saída Xunta de Galicia 18-10-2012, rex entr concello 19-10-12, nº5490), visto o expediente tramitado para a contratación, as providencias da Alcaldesa de 18 de outubro de 2012 (entregado a secretaría 18-10-2012), de 09 novembro de 2012 (entregado a secretaría 12-11-2012) e de 13 de xaneiro 2013 (entregada a secretaría 14-01-2013) vistos os informes que constan no expediente transcritos en acta, sendo os informes xurídicos da secretaría xeral “Contrato administrativo de obra Mellora das instalacións do Centro Cultural Vista Alegre de Badeira” : de 31 de outubro de 2012 (rex entr 31-10-2012, nº 5740), de 12 de novembro de 2012 (rex entr 12-11-2012, nº 5914), de 16 de novembro de 2012 (rex entr 16-11-2012, nº 6065), e de 22 de xaneiro de 2013 (rex entr 22-01-2013, nº 326) , e sendo os informes técnicos do arquitecto asesor do concello Lino Doporto Framil : “Informe técnico de obra maior” de 07 novembro de 2012 (que incorpora informe xurídico da mesma data de Juan Carlos Peteiro Rodríguez), “Informe de supervisión de proxecto” de 07 novembro de 2012, “Informe técnico” (criterios de valoración) de 09 novembro de 2012 e “Informe técnico de contido do proxecto e informe de supervisión de proxecto “ de 23 de xaneiro de 2013, segundo a competencia establecida no artigo 21,1º o) da L.7/1985 RBL e por delegación da Alcaldesa (decreto 04-11-2011), segundo a D.A. 2 e os artigos 121 e





seguintes do RDlex 3/2011 Texto refundido da Lei de contratos do sector público, por unanimidade dos presentes, acorda :

Aprobar o proxecto técnico “Proxecto de mellora do Centro Cultural “Vista Alegre” de A Bandeira : situación Rúa Xeral, s/n, A Bandeira; promotor Concello de Silleda; data maio 2012: arquitecto redactor José Luis Sanmiguel Guerreiro, nº 2564 COAG ; que inclúe orzamento (asinado en decembro de 2012) por total orzamento 181.499,98 euros (IVE 21% incluído : 31.500 euros).

(Dilixencia en exercicio de fe pública : dilixenciarase este proxecto técnico pola secretaria xeral do concello para constancia do seu contido ; en concreto dilixenciarase : memoria xustificativa e descriptiva, memoria constructiva, prego xeral de condicións da edificación(1ª pax), prego particular de condicións da edificación (1ª pax), normativa técnica aplicable (1ª pax), estudo de seguridade e saúde (1ª pax), normativa e lexislación técnica relacionada coa seguridade e saúde de aplicación ás obras de construción (1ª pax), 15 planos , orzamento e medicións (11 pax)”.

- **Consta acta de replanteo previo** da obra “Mellora do Centro Cultural Vista Alegre de Bandeira” de data 29 de xaneiro de 2013.

- **A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria (urxente) de 14 de febreiro de 2013 acordou :**


“1º.- Aprobar o informe emitido por José Luis Sanmiguel Guerreiro, arquitecto, con data febreiro de 2013 titulado “Informe al proyecto de mejora del Centro Cultura “Vista Alegre” de A Bandeira”. 2º.- Sustituir o informe do arquitecto asesor do concello Lino Doporto Framil de data 09 de novembro de 2012 polo emitido por José Luis Sanmiguel Guerreiro, arquitecto, con data febreiro de 2013 titulado “Informe al proyecto de mejora del Centro Cultura “Vista Alegre” de A Bandeira”, transcrito anteriormente e que pasa a formar parte deste expediente, indicando que esta substitución non produce ningunha modificación no resto do expediente.3º.- Deixar sin efecto o informe do arquitecto asesor do concello Lino Doporto Framil de data 09 de novembro de 2012 que consta neste expediente.”.

- Por Decreto da Alcaldesa de 18 de febreiro de 2013 iniciouse o procedemento de adxudicación do contrato de obra denominado Mellora do Centro Cultural Vista Alegre de Bandeira.

- Consta incorporado ó expediente de contratación segundo o texto que **consta no acordo da Xunta de Goberno Local** (secretario accidental David García Lareo, por Decreto 14-02-2013) **en sesión ordinaria de 21 de febreiro de 2013:**

- Consta certificado de existencia de crédito na partida 414/632 no orzamento de 2013 por importe de 181.499,98 euros, emitido pola interventora municipal, de data 18 de febreiro de 2013.

- Consta informe da interventora do concello de data 20 de febreiro de 2013 “Asunto: Aprobación do prego de cláusulas administrativas do contrato de obra para a execución do proxecto denominado “ Melloras das instalacións do Centro Cultural Vista Alegre de Bandeira”.



- Consta informe-proposta do secretario accidental (Decreto 14-02-13) do concello, de data 18 de febreiro de 2013 referido ó contrato administrativo de obra : “Mellora do Centro Cultural Vista Alegre de A Bandeira”.
- O prego de cláusulas administrativas particulares : “Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexir a contratación administrativa, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra “Mellora do Centro Cultural Vista Alegre de A Bandeira”, asinado pola Alcaldesa.
- Consta informe xurídico ó prego de cláusulas administrativas particulares “Mellora do Centro Cultural Vista Alegre de Bandeira” emitido por Juan Carlos Peteiro Rodríguez, en data 18 de febreiro de 2013.
- O prego de prescricións técnicas: “Prego de condicións e normativa técnica aplicable” que forma parte do proxecto aprobado por esta Xunta de Goberno Local en sesión de 24 de xaneiro de 2013.

- Asimesmo a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 21 de febreiro de 2013 acordou :

(.....)

